




**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN E A FUNDACIÓN APOYO A LA CIUDADANÍA ESPAÑOLA EN VENEZUELA (FACEV) PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA SOCIO ASISTENCIAL ESPECIAL E SANITARIA DE EMERXENCIA A PERSOAS DE ORIXE GALEGA RESIDENTES EN VENEZUELA.**


Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2021

**REUNIDOS**



Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración da Xunta da Galicia, D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 140/2020, do 17 de setembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, a **Fundación Apoio a la Ciudadanía Española en Venezuela (FACEV)**, actuando no seu nome e representación D. José Antonio Gil Gil, como presidente en virtude das facultades que lle outorgan os estatutos da entidade.



As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e para estes efectos

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-** As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias poden subscribir convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en concordancia co artigo 6 de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.



**SEGUNDO.-** Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas mesmas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.

**TERCEIRO.-** Segundo establece o Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración ten, entre as súas funcións, o desenvolvemento de accións tendentes á mellora do benestar social e da calidade de vida da cidadanía galega no exterior.

**CUARTO.-** A Fundación Apoyo a la Ciudadanía Española en Venezuela, en adiante FACEV, é unha entidade xurídica civil de carácter privado, sen fin de lucro, creada para prover asistencia social, benéfica e de axuda a cidadáns españois residentes na República Bolivariana de Venezuela e na súa misión está prestarlles socorro en situacións de emerxencia en necesidades económicas para asistencia médica e familiar a persoas necesitadas que non poidan proveerse por elas ou polas súas familias.

**QUINTO.-** En Venezuela existe unha gran colonia de emigrantes españois, na súa maioría galegos ou descendentes, dentro da que se atopa un importante colectivo, con necesidades urxentes de atención non atendido a través doutros instrumentos de colaboración, en especial de xente maior ou carenciada, que, dadas as súas especiais circunstancias e a situación social e política que vive o país, precisan da atención da Xunta de Galicia para que poidan acadar unhas condicións de vida digna.

**SEXTO.-** A Secretaría Xeral da Emigración estima que é necesario establecer unha colaboración co obxecto de contribuír a prestarlle un servizo asistencial e/ou de atención sanitaria de urxencia a este colectivo de galegos máis desfavorecidos residentes en Venezuela que, por razóns de exclusión social, carencia ou de dependencia e ós que non se pode chegar a través doutros mecanismos de colaboración, se atopa en situación de necesidade e non poden afrontar o custo das prestacións que precisan, e FACEV conta coa infraestrutura suficiente e está disposta a prestarlle o servizo.

**SÉTIMO.-** A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, ao non ser posible o promover a concorrència pública, ao amparo do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por ser a única destas características que opera en todo o país.




O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de mellorar a saúde, o benestar social e a calidade de vida á colectividade de emigrantes galegos, residentes en Venezuela, que por cuestións de idade e/ou de necesidades extremas urxentes presentan problemas asociados a súas circunstancias persoais, por razóns de carácter social e humanitario.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes,

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**



Este convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración para a concesión dunha axuda á Fundación Apoyo a la Ciudadanía Española en Venezuela (FACEV) co fin de contribuír ao financiamento dos servizos de atención asistencial e/ou sanitaria de urxencia ao colectivo de galegos residentes en Venezuela que por razóns exclusión social, idade, carencia ou de dependencia se atopa en situación de necesidade e non poden afrontar o custo das prestacións que precisan e ós que non se pode chegar a través doutros mecanismos de colaboración.



### **SEGUNDA.- PERSOAS BENEFICIARIAS**

Terán dereito á asistencia á que se refire este convenio as persoas que se atopen en calquera dos seguintes supostos:

1. Españois de orixe galega, residentes legalmente en Venezuela, que sexan beneficiarios de pensións asistenciais por ancianidade, ao abeiro do establecido no Real Decreto 8/2008, do 11 de xaneiro, polo que se regula a prestación por razón de necesidade a favor dos españois residentes no exterior e retornados.

2. Españois de orixe galega, beneficiarios de axudas do Programa 1 da Orde TAS 561/2006, do 24 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras das concesións de axudas públicas correspondentes aos programas de actuación a favor dos emigrantes españois non residentes en España que carezan ou non teñan cobertura suficiente desta continxencia.



3. Persoas de orixe galego ou descendentes de galegos ata segundo grao e españois de orixe galega, non incluídos nos supostos anteriores, que acrediten insuficiencia de recursos mediante informe socio ambiental, en aplicación dos criterios que para a estimación de carencia de rendas e ingresos se establecen no citado Real Decreto 8/2008, e que precise de asistencia médica especializada incluíndo intervencións cirúrxicas.

4. Persoas de orixe galego ou descendente de galego ata segundo grao e españois de orixe galega que estean pola súa idade, minusvalía ou enfermidade, en situación de dependencia, entendéndose por tal aquela situación na que a persoa non pode facer sen axuda, determinadas actividades da vida diaria que se consideran esenciais para o desenvolvemento normal da súa autonomía persoal, familiar ou social, debendo acreditarse mediante o correspondente informe médico.

#### **TERCEIRA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO**

Co obxecto de colaborar no financiamento deste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración comprométese a achegar, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, unha contía de **vinte mil euros (20.000€)**.

A contía da achega está destinada a sufragar os custos das obrigas derivadas do obxecto do convenio que se indican na cláusula oitava así como os de persoal e de funcionamento regular das instalacións na medida en que sexan directamente imputables e contribúan ao seu cumprimento.

#### **CUARTA.- COMPATIBILIDADE**

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

#### **QUINTA.- PRAZOS E MODOS DE PAGAMENTO**

Tras a sinatura deste convenio, efectuarase un pagamento anticipado de **catorce mil seiscentos euros (14.600 €)**, atendendo ao disposto no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas.

Á vista do establecido nos artigos 65.4 e 5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse dunha entidade sen fin de lucro e ser o obxecto do convenio o desenvolvemento de programas de acción social, a entidade non estará obrigada a constituír garantía.



O importe restante librarase no momento en que a entidade beneficiaria xustifique na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda.

#### **SEXTA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN**

O prazo de xustificación deste convenio remata o 15 de outubro de 2021.

En virtude do disposto no Título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

O pagamento do saldo pendente efectuarase contra a presentación da conta xustificada que conterá a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do presente convenio, asinada polo representante da entidade.

- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio asinada polo representante da entidade na que se fará constar os obxectivos acadados, o orzamento total do funcionamento e o colectivo atendido.

- Relación clasificada dos gastos coas actividades e servizos prestados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.

- Documentos xustificativos dos gastos relacionados, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa que foran efectivamente pagados durante o período de vixencia do convenio e con anterioridade á data de finalización da súa xustificación (os gastos de persoal xustificaranse coas nóminas e os gastos sociais derivados, xunto coa identificación da función que cada un desempeña).

Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. Non obstante, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, aceptárase a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

- Relación das persoas beneficiarias atendidas con cargo a este convenio por FACEV. Esta relación incluírá nome e apelidos, DNI, data e provincia galega de nacemento ou de orixe das persoas beneficiarias, así coma o tipo de prestación efectuada.

Antes da sinatura do convenio e antes de facerse efectivo cada pagamento aportaranse as seguintes declaracións:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas Administracións Públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.

#### **SÉTIMA.- REINTEGRO**

Procederase ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da citada Lei de subvencións, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.



### OCTAVA.- OBRIGAS DAS PARTES

1.- FACEV asegurará a realización das prestacións establecidas neste convenio, para o que se compromete a:

- Prestar ás persoas que reúnan os requisitos establecidos na cláusula segunda deste convenio a axuda asistencial e/ou sanitaria demandada, nos seguintes termos:

- Desenvolverá actividades de carácter promocional, de estimulación e prevención entre a comunidade galega residente en Venezuela co obxecto de detectar as súas necesidades e daquelas persoas que precisen axuda.

- Establecerá un protocolo de actuacións cos centros, clínicas e médicos cos que se concerten os servizos sanitarios de urxencia e sufragará os gastos farmacéuticos necesarios, coa excepción daqueles que se dispensen a través do Programa medicamentos e servizos de saúde para os galegos en Venezuela concertado entre a Secretaría Xeral da Emigración e a empresa RESCARVEN,c.a.

Os expedientes coas propostas dos beneficiarios que se acollan aos programas amparados por este convenio así como a contía individual imputada serán elaborados por FACEV, ós que lle acompañará necesariamente un informe socio ambiental da situación persoal de cada beneficiario que xustifique a oportunidade de prestar o correspondente dereito ou servizo.

- Dispor do equipo humano necesario para o desenvolvemento dos servizos, que contará en todo caso con traballadores/as sociais e persoal especializado, para a atención aos beneficiarios.

- Desenvolver o programa de actuacións obxecto do convenio nos termos establecidos nel, e informar periodicamente á Secretaría Xeral da Emigración sobre os resultados sociais desta iniciativa.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os beneficiarios de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como o seus correspondentes logotipos.



- Facilitar a actuación dos técnicos da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.

- Subministrar á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Secretaría Xeral da Emigración das obrigas previstas no Título I da citada lei.

2.- A **Secretaría Xeral da Emigración** obrígase a:

- Achegar o importe do financiamento previsto na cláusula terceira condicionada ao cumprimento do estipulado no presente convenio.

#### **NOVENA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO**

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

#### **DÉCIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.

b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dous representantes da Secretaría Xeral da Emigración, dos cales un será o presidente e dous representantes da entidade.





A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- RELACIÓN LABORAL**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirán instrucións nin ordes aos traballadores contratados para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE, SEGUIMENTO E COLABORACIÓN**

En virtude do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o convenio deberá ser publicado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións a través da súa páxina web, [www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index](http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index).

O beneficiario da axuda coñece e consente a inclusión dos seus datos nos rexistros aos que, en virtude da normativa á que está sometido o convenio, deberá dársele publicidade a esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.



A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso de todas as partes para as obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

#### **DÉCIMO CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO**

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións nos seus preceptos básicos e demais normativa que sexa de aplicación.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que deán lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación de responsabilidades relativas á subvención concedida que serán resoltas polo secretario xeral da Emigración), integraranse, interpretaranse e resolveranse motivadamente pola administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión a que fai referencia a cláusula décimo primeira. Contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativos ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

#### **DÉCIMO QUINTA.- VIXENCIA**

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 25 de outubro de 2021, agás que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2021.





En proba de conformidade con canto antecede, asinan este convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O SECRETARIO XERAL DA  
EMIGRACIÓN



Antonio Rodríguez Miranda

O PRESIDENTE DA FUNDACIÓN  
APOYO A LA CIUDADANÍA  
ESPAÑOLA EN VENEZUELA

José Antonio Gil Gil